

ANEXO ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: A avaliación realizarase sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres e sobre as actividades de recuperación ou ampliación realizadas dende a declaración do estado de alarma.</p>
	<p>Instrumentos: Elaboración de traballos de distinto formato: power point sobre un tema, autor ou teoría, análise e comentario de distintos documentos, esquemas, resumos, probas orais ou escritas, etc. Valorarase a pertinencia dos contidos na elaboración da resposta, a precisión no uso dos conceptos, a coherencia e a articulación discursiva na exposición, a expresión oral ou escrita e a corrección formal, caligráfica, ortográfica e sintáctica. A reprodución directa ou duplicado total ou parcial a partir de calquera tipo de fonte invalidará esa actividade na súa totalidade.</p> <p>O alumnado que non adquiriu os estándares de aprendizaxe desenvolvidos en algunha das avaliacións poderá recuperar e alcanzar o aprobado da/as avaliacións realizando as actividades que a tal efecto se propoñan (50% de ponderación) e unha proba de control de coñecementos (50% de ponderación) se tecnicamente é posible. As actividades deberán ser todas presentadas en tempo e forma</p>
Cualificación final	<p>A nota final será a media aritmética das dúas avaliacións. Esta nota poderá ser incrementada ata un máximo de 2 puntos en función das actividades voluntarias realizadas: 100% das actividades cualificadas positivamente, 2 puntos; 75% das actividades cualificadas positivamente, 1,5; 50% das actividades cualificadas positivamente, 1 punto</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>Proba escrita de todos os estándares de aprendizaxe da 1ª e 2ª avaliación de características similares aos realizados durante o curso. A cualificación do exame establecerase sobre 10 puntos e o alumno/a deberá acadar cando menos 5 para superar a materia.</p>

RÚBRICAS

TRABALLO ESCRITO

	Nivel D	Nivel C (mínimo aceptable)	Nivel B	Nivel A
ESTRUTURA	O traballo contén todas as partes que debe ter a súa estrutura (portada, índice, introdución, corpo, conclusión, bibliografía...).	Falta algunha das partes da estrutura do traballo.	Faltan varias partes da estrutura do traballo.	O traballo só consta dunha ou dúas partes da estrutura.
ORGANIZACIÓN E SECUENCIACIÓN	A presentación das ideas está organizada e segue unha secuencia lóxica que facilita a lectura. A estrutura está ben secuenciada.	A presentación das ideas está organizada e segue unha secuencia lóxica que facilita a lectura. A estrutura ten algún erro de secuenciación.	A presentación das ideas non sempre está organizada nin segue unha secuencia lóxica, o que dificulta a lectura. A estrutura ten varios erros de secuenciación.	A presentación das ideas está desorganizada e non segue unha secuencia lóxica, o que dificulta a lectura. A estrutura carece de secuenciación.
CONTIDO	O texto mostra un excelente coñecemento do tema, un desenvolvemento completo dos seus diversos aspectos e das ideas, unha elaboración propia da información e mencións ás fontes.	O texto mostra un bo coñecemento do tema, un desenvolvemento bo dos seus diversos aspectos e das ideas, e unha razoable elaboración propia da información, aínda que sen mencións ás fontes de onde se obtivo.	O texto mostra un regular coñecemento do tema, un desenvolvemento limitado dos seus diversos aspectos e das ideas, unha presentación da información literal, sen elaboración propia, e sen mencións ás fontes de onde se obtivo.	O texto mostra un pobre coñecemento do tema e un desenvolvemento inadecuado dos diversos aspectos e ideas, que non fan referencia ao tema proposto.
VOCABULARIO	Utilízase un vocabulario xeral preciso, adecuado e variado, e faise uso dun vocabulario específico do tema tratado.	Utilízase case sempre un vocabulario xeral preciso, adecuado e variado, e un vocabulario específico do tema tratado, pero cométese algún erro.	Utilízase un vocabulario xeral adecuado, pero moi básico, e faise un uso moi limitado do vocabulario específico do tema tratado.	O vocabulario xeral é inadecuado e pobre, e non se fai uso dun vocabulario específico do tema tratado.
GRAMÁTICA	Obsérvase un uso variado e adecuado de estruturas gramaticais complexas, sen erros.	Obsérvase un uso variado e adecuado de estruturas gramaticais complexas, pero aprécianse algúns erros.	Non se fai uso de estruturas gramaticais complexas, senón simples, e aprécianse algúns erros.	Faise un uso incorrecto das estruturas gramaticais e aprécianse moitos erros.
ORTOGRAFÍA	Non comete ningún erro ortográfico.	Comete un ou dous erros ortográficos.	Comete entre tres e cinco erros ortográficos.	Comete máis de cinco erros ortográficos.

PRESENTACIÓN MULTIMEDIA	NIVEL D	NIVEL C (mínimo aceptable)	NIVEL B	NIVEL A
FONDO / EQUIPOS	En toda a presentación usa fondos de diapositivas orixinais propios, en lugar de equipos xa deseñados	En case toda a presentación usa fondos de diapositivas orixinais propios; nalgunhas utiliza equipos xa deseñados.	Nalgunhas diapositivas usa fondos de diapositivas orixinais propios; na maior parte utiliza equipos xa deseñados.	Sempre utiliza equipos xa deseñados para os fondos de diapositivas
FONTE	Ao longo da presentación utiliza un tipo de fonte lexible e un tamaño de letra adecuado.	Nalgunha diapositiva utiliza un tipo de fonte pouco lexible ou un tamaño de letra inadecuado	Na maior parte das diapositivas utiliza un tipo de fonte pouco lexible ou un tamaño de letra inadecuado.	Ao longo da presentación utiliza un tipo de fonte pouco lexible ou un tamaño de letra inadecuado
COR	Utiliza fondos que contrasten co texto (escuro-claro). Fai unha boa combinación de cores ao longo de toda a presentación, acorde coa temática que se estea a tratar	Non utiliza, nalgunha diapositiva, fondos que contrasten co texto, dificultando a lexibilidade, ou non fai unha boa combinación de cores, ou estes non se relacionan coa temática que se estea a tratar.	Non utiliza, en varias diapositivas, fondos que contrasten co texto, dificultando a lexibilidade, ou non fai unha boa combinación de cores, ou estes non se relacionan coa temática que se estea a tratar.	Non utiliza, en moitas diapositivas, fondos que contrasten co texto, dificultando a lexibilidade, ou non fai unha boa combinación de cores, ou estes non se relacionan coa temática que se estea a tratar.
ELEMENTOS MULTIMEDIA	Utiliza, ao longo de toda a presentación, diversidade de imaxes, animacións, vídeos e audios, todos eles relacionados coa temática.	Utiliza, en case toda a presentación, diversidade de imaxes, animacións, vídeos ou audios; nalgunhas diapositivas, non se relacionan coa temática	Utiliza, nalgunhas diapositivas da presentación, imaxes, animacións, vídeos ou audios; algúns destes elementos están repetidos ou non se relacionan coa temática..	Non utiliza imaxes, animacións, vídeos ou audios na presentación
CONTIDO	O contido presentado expón o tema proposto de forma profunda e ampliada, e cun tratamento variado	O contido presentado expón o tema proposto de forma profunda e ampliada, e cun tratamento variado; nalgunha ocasión, hai algún erro ou falta algunha información relevante.	Gran parte do contido presentado é pobre; hai erros ou faltan informacións relevantes.	O contido presentado é pobre e non expón correctamente o tema proposto.
ORGANIZACIÓN DA INFORMACIÓN	Toda a información está organizada de xeito claro e lóxico.	A maior parte da información está organizada de forma clara e lóxica; algunha diapositiva parece fóra de lugar.	Só ocasionalmente a información está organizada de forma clara e lóxica	A información aparece dispersa e sen organización.
CANTIDADE DE INFORMACIÓN	As diapositivas non están saturadas de información	Algunha diapositiva está saturada de información.	Case todas as diapositivas están saturadas de información	As diapositivas están saturadas de información